

Xuntos todo encaixa!

A Asociación de Técnicos Superiores Sanitarios de Galicia (Atessga) é unha asociación profesional sen ánimo de lucro que ten como obxectivo a defensa do colectivo de Técnicos/as Superiores Sanitarios que desenvolven a súa labor na nosa

“En outubro do 2020 creouse a especialidade de dietética na categoría de técnico/a superior”

comunidade, tanto no ámbito público como no sector privado. Desde 2019, promove o impulso de todas as especialidades de grao superior sanitario recollidas na Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias.

Atessga ten mantido diversas reunións co equipo directivo desta Consellería e do Servizo

Galego de Saúde, precisamente, nesta liña de promocionar, dentro da organización sanitaria, a implantación das distintas especialidades; ao tempo que ten impulsado a figura do/a coordinador/a de técnicos/as superiores, solicitando máis ámbitos de actividade baseados no currículo formativo.

Froito da negociación no ámbito da Mesa Sectorial, creouse en outubro do 2020 a especialidade de dietética dentro da categoría estatutaria de técnico/a superior, respondendo á necesidade de dotar de novos profesionais con formación específica ás institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

O Servizo Galego de Saúde conta cunha media de 1.800 profesionais das especialidades de anatomía patolóxica e citoloxía, dietética, documentación sanitaria, hixiene bucodental, imaxe para o diagnóstico, laboratorio de diagnóstico clínico, medicina nuclear e radioterapia; na que o 60% dos profesionais son propietarios, un 21% interinos e un 19% eventuais.



Asemade, coñecedores da importancia que ten o activo profesional na prestación dunha asistencia sanitaria de calidade, levamos a cabo unha aposta forte pola estabilidade laboral, que se acada coas sucesivas convocatorias de oferta de emprego público. A día de hoxe, están ofertadas 247 prazas nas distintas especialidades, que inclúe como novidades as de dietética e nutrición, xunto coa de documentación sanitaria. No resto das especialidades convocadas, anatomía patolóxica e citoloxía, hixiene bucodental, imaxe para o diagnóstico, laboratorio de diagnóstico clínico e radioterapia, está prevista a convocatoria de exame a partires do mes de setembro.

Así mesmo, a finais do ano pasado, a Mesa Sectorial acordou implantar en todas as áreas sanitarias novos postos de coordinación de técnicos/as superiores, con funcións de coordinación e xestión do persoal en: anatomía patolóxica e citoloxía, imaxe para o diagnóstico, laboratorio de diagnóstico clínico e radioterapia. O noso obxectivo para este ano é dispoñer de 30 novos postos.

O Sistema Sanitario Galego, integrado por profesionais de moi alto nivel e unha completa carteira de servizos, ten acadado altos

niveis de eficacia e unha asistencia sanitaria de calidade. Somos conscientes de que para seguir nesta mesma senda é necesario contar co apoio imprescindible dos profesionais da sanidade, dos seus representantes, das asociacións, dos colexios profesionais e, en definitiva, de todos os axentes do ámbito sanitario.

Quero agradecer a vosa total dispoñibili-

“Quero agradecer a vosa total dispoñibilidade e colaboración na loita contra a pandemia”

dade e colaboración na loita contra a pandemia, así como a oportunidade que se me brinda de participar nesta publicación.

E remato manifestando a disposición de seguir colaborando con vós e facendo meu o lema que figura na vosa páxina web: xuntos todo encaixa!



JULIO GARCÍA COMESAÑA.

Licenciado en Ciencias Físicas pola USC, ten a especialidade sanitaria de Radiofísica Hospitalaria, un Máster en Administración Sanitaria pola Escola Nacional de Sanidade e o título de Xefe de Servizo de Protección Radiolóxica. Xerente da Área de Xestión Integrada de Vigo, Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, desde setembro de 2020 é conselleiro de Sanidade.